Lugo, 10, novbre, 1950

Sr. Don Ramón Otero Pedrayo
Santiago de Compostela

Meu querido amigo e mestre: Háchome en Lugo, co gallo de formar parte do profesorado do Colegio de Fingoy, novo edificio, planeado por don Manuel Gómez Román, esta erguendo don Antonio Fernández. Acáis teña algunha noticia de todo isto. O que lle comunico pra que saiba ónde me ten á súa disposición, inda que sen casa propia, e pol-o de agora afastado da miña familia, que continúa en Ferrol.

¿Vostede vive en Santiago, en Ourense, en Trasalba, ou nos tres de istes lugares?

Por casualidade lin as súas decraracións do "Pueblo Gallego"

nas que me cita entre os novelistas galegos con verbas que verdadeiramente me esmagan. Inda que non as mereza, o feito de que foran pronunciadas por vostede encheme de emoción.

Pol-as mesmas datas pideume Del Riego un traballo pra Seara nova i escollin por tema a personalidade literaria de vostede. Está feito de memoria, pois eiquí nin siquera teño as súas obras. Somente consultei a lista das mesmas. Así que lle rogo que perdoe os erros que poda conter e os trabucados xuicios que sen dúbida terá expresado.

Desexo que a súa dona se hache ben e que ela e vostede disfruten de toda eras de boandanzas.

Xa sabe canto o quer o seu amigo que lle envía unha grande aperta.

R. Carballo Calero

R/ San Roque, 14. 1º.- Lugo